

**MAIO 2021**
*Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Maio 2021*

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
<b>VIAXEIROS</b>	3.358.838	-68,0%	152.302	-64,2%
<b>NOITES</b>	7.226.242	-77,4%	283.188	-63,0%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,15	-29,1%	1,86	3,3%
<b>% OCUPACIÓN</b>	28,77%	-28,78	20,35%	-18,79
<b>ADR</b>	75,9 €	-9,1%	52,7 €	-6,0%
<b>RevPAR</b>	26,1 €	-52,5%	12,6 €	-50,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de maio Galicia atópase nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite avanzar no proceso de desescalada.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en maio do pasado ano a situación da pandemia era grave, a poboación estivo en confinamento domiciliario parte do mes e toda a actividade turística –de aloxamento, restauración e demais- estivo pechada na súa maior parte. Por tanto, a comparativa interanual carece de sentido pois realízase sobre un mes con cifras moi baixas e, en consecuencia, as porcentaxes de variación son excesivamente elevadas. Por isto para os datos de maio imos realizar tamén a comparación co ano 2019, circunstancia que establecemos fixa a partir de agora para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que en maio abriron en Galicia preto de 1.200 establecementos hoteleiros –dos pouco máis de 200 que o fixeron no mesmo período de 2020 e dos 1.500 de 2019- que ofertaron un total de 44.736 prazas –das case 63 mil de maio de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 29% en relación ao último mes de maio previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse sete de cada dez prazas que estaban dispoñibles en maio de 2019 –obviamente superáronse os niveis do pasado ano cando se ofertaban algo máis de nove mil noites-.

**MAIO 2021**

- En termos xerais a conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia cambia respecto do observado nos últimos doce meses. Xa en abril se iniciara un cambio de tendencia que se confirma agora en maio no sentido de que o nivel de demanda comeza levemente a súa recuperación logo dun ano con cifras moi baixas.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia algo máis de 152 mil viaxeiros aloxados e de 283 mil noites, cifras que multiplican por 15 o dato do pasado ano pero que supoñen o 37% do que se rexistraba en maio de 2019. A recuperación comeza, os datos deste mes son os

mellores desde outubro do pasado ano e superan con creces as cifras de maio de 2020 pero distan aínda dos niveis que se rexistraban na comunidade antes da crise.

- Os niveis deste mes de maio marcan un novo mínimo histórico de demanda –obviando o dato do pasado ano-. En maio de 2019 Galicia conseguiu rexistrar preto de 766 mil noites no conxunto do aloxamento hoteleiro da comunidade.
- A nivel das comunidades autónomas obsérvase un comportamento parello, con variacións de intensidade. Neste sentido todas elas conseguen superar con creces os niveis de demanda do pasado ano –con maior dinamismo os destinos insulares, Canarias e Baleares, por diante de Cataluña e Andalucía- pero mantéñense por debaixo dos niveis acadados en 2019. Os destinos que conseguiron recuperar maior cuota de demanda –no sentido de que presentan caídas menos notorias respecto dos niveis previos á pandemia- son Castela A Mancha -que rexistra algo máis da metade das noites previas á crise- e Estremadura –que recupera un 46% daquel período-. Seguen en orde de importancia Navarra e Aragón, ambas con algo máis do 40%.
- Os destinos que continúan mantendo unha dinámica negativa, por canto fican moi lonxe dos niveis previos á crise, son Andalucía, Cataluña, Baleares e Canarias –estas catro comunidades recuperan neste mes menos do 25% do total da demanda rexistrada en maio de 2019-.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición relativamente aceptable pois sitúase en sexto lugar no ranking de recuperación da demanda, en comparación cos niveis previos á pandemia.
- Acontece con carácter xeral que os destinos que máis sufriron as consecuencias da crise –aqueles insulares e os localizados no mediterráneo peninsular- son os que agora inician unha recuperación máis intensa en comparación coas cifras de 2020.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 23% en comparación cos niveis previos á crise, rexistrando máis de 7,2 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na oitava posición absorbendo o 3,9% do total estatal. Mantén a súa posición habitual deste mes –se ben en xaneiro colocábase en sexto lugar e logo ata abril en sétimo lugar con máis do 4%-, e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado –Andalucía, Cataluña, Baleares, Canarias, Madrid, C. Valenciana, e agora Castela e León-. Andalucía é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de maio con preto de 1,3 millóns de pernoctacións. Sitúase a continuación Cataluña, con case 1,1 millóns de noites, por diante de Baleares e Canarias –destinos insulares que pouco a pouco van recuperando niveis previos á pandemia-.
- A recuperación da demanda, lenta pero progresiva, sitúase esencialmente no mercado de proximidade –principalmente o interno-. Isto vén condicionado en grande medida polas restricións de mobilidade aplicadas no conxunto do Estado e a nivel internacional. Desta maneira o mercado interno consegue recuperar en maior medida os niveis de demanda previos á crise –rexistra o 75% das noites de maio de 2019, con case 134 mil-.
- Como consecuencia da inercia das medidas de limitación da mobilidade declarada entre comunidades autónomas e os condicionantes establecidos a nivel internacional a recuperación do turismo receptor é máis lenta. Neste caso o mercado nacional rexistra o

35% do total da demanda de maio de 2019 –con preto de 115 mil noites- mentres que o internacional fica cun 13% do total previo á crise –con 35 mil noites neste caso-.

- Isto supón un cambio na estrutura do mercado hoteleiro en Galicia neste quinto mes do ano, continuando coa tendencia que se viña observando nos meses anteriores e en 2020. O mercado interno gaña peso, en 24 puntos, absorbendo o 47% do total da demanda –en 2019 supoñía o 23%- mentres que o receptor perde representatividade –en dous puntos o de ámbito nacional cun 41% do total, e en 22 puntos o internacional cun 12% do total neste caso-.
- O cambio na estrutura da demanda non ten procedentes na serie histórica do mes de maio, acadando o mercado interno a súa cuota máis alta e, en cambio, o mercado receptor –neste caso o internacional- o seu peso máis baixo. O turismo receptor nacional, que provén do resto do Estado, presenta unha variación menos significativa, manténdose a grandes trazos no peso habitual previo á crise.
- A nivel territorial obsérvase tamén un comportamento dispar da demanda. Neste sentido os datos a nivel provincial amosan niveis inferiores aos de maio de 2019 pero a capacidade de recuperación difire. Ourense é a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos por canto sitúase preto do 65% da demanda rexistrada antes da crise. En Lugo a capacidade de recuperación sitúase no 45% mentres que en A Coruña e Pontevedra a porcentaxe baixa do 40%.
- Co 42% das noites hoteleiras –e case 119 mil pernoctacións- A Coruña lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de maio. Seguen en orde de importancia, mantendo a estrutura habitual, Pontevedra –co 32% e case 92 mil noites, Lugo –co 14%- e finalmente Ourense – con preto do 12% do total da comunidade-.
- A estadía media hoteleira recupera en esencia os niveis previos á pandemia situándose preto de 1,9 noites. En maio do pasado ano, como consecuencia dos cambios de perfís da demanda, a estadía media ascendía a 3,6 noites. En 2019 situábase en 1,8 noites.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Baleares, con 4,1 noites, e Canarias, con 4,0 noites, son os destinos que neste mes marcan as cifras máis elevadas. No lado contrario Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- Os niveis de ocupación melloran en máis de doce puntos a cifra do pasado ano pero fican tamén lonxe dos rexistrados antes da pandemia. Neste mes de maio ocupáronse o 20,4% das prazas ofertadas, porcentaxe que ascendía ao 39,1% antes da crise.
- Baleares rexistra neste mes –e por segunda vez de forma consecutiva- a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado cun 45,8% de media. Seguen en orde de importancia Canarias –cun 31,6%- e Murcia e Andalucía –ambas con algo máis do 30% neste caso-. No lado contrario Galicia marca a cifra máis baixa cun 20,4% neste caso. Empeora a súa posición respecto do observado en meses pasados cando se situaba por encima de destinos como Asturias, Cantabria, A Rioxa ou Estremadura.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 52,7 euros, cifra que tamén se sitúa por debaixo do rexistrado en maio de 2019 –cando ascendía a 56,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada-.

- Galicia rexistra neste mes a terceira tarifa máis baixa do conxunto do Estado, superando só a cifra de Asturias e Castela A Mancha –que presentan un prezo medio de 52,5 euros e 50,7 euros, respectivamente-. Baleares, con 112,9 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, por diante de Canarias –con 96,2 euros-, marcando ambas certa distancia cos restantes destinos do Estado.
- En termos de rendibilidade rexístrase tamén unha caída neste mes en comparación cos niveis previos á crise. Como consecuencia dun menor nivel de demanda nun contexto de tarifas máis baixas o RevPAR hoteleiro descende neste mes en comparación cos niveis de maio de 2019 –pasa de 25,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible antes da crise a 12,6 euros neste ano-.
- Con esta cifra Galicia rexistra o RevPAR hoteleiro máis baixo do conxunto do Estado. Neste sentido os establecementos hoteleiros da comunidade obteñen menor nivel de rendibilidade fronte a outras comunidades. Son xustamente os destinos insulares –Baleares con 53,8 euros e Canarias con 36,9 euros- os destinos de maior rendibilidade hoteleira neste quinto mes do ano. Baleares é tamén a comunidade de mellor recuperación fronte aos niveis rexistrados en maio de 2019 –sitúase no 93% do nivel acadado nese ano-.
- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos aos 9,9 millóns de euros neste mes de maio, cifra que supón aproximadamente o 38% do acadado no mesmo período de 2019.

## ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Maio 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Maio 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Maio 2021/19




Fig. 4. Evolución da estadía media. Maio 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Maio 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Maio 2011-21

